

**ACTA DA 3ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2017 DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO DO XIMNASIO DA PISCINA DA AGASP, NO CONCELLO DA ESTRADA.**

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 12:40 horas do día 6 de novembro de 2017, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación para proceder á apertura de plicas correspondentes ao contrato do subministro de EQUIPAMENTO DO XIMNASIO DA PISCINA DA AGASP, NO CONCELLO DA ESTRADA, que se relacionan a continuación:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

-Dona María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal.  
-Dona Ana María Vigo Fariña, Interventora Municipal  
-D. David Carballo Calvelo, Técnico de Deportes Municipal  
-D. Daniel Órrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal  
-D. Manuel Fernández Cerdeira en representación do PS de G-PSOE  
-Non asisten: D. José Ismael Pena Villamor, concelleiro delegado de deportes, Dna. Mar Blanco Casais, representante de MOVETE e D. Xosé Magariños Maceiras en representación do BNG  
-SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Sr. Presidenteponse en coñecemento da Mesa que, de conformidade co acordado na reunión que tivo lugar o día 26 de outubro, pasóuselle a documentación obrante nos sobres C, "oferta técnica" (criterios cuxa ponderación dependen dun xuízo de valor) das empresas MANTEN S.L., MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L.,GRUPO CONTACT FITNESS S.L. e BODYTONE INTERNATIONAL SPORT S.L. ao Técnico Municipal de Deportes para que emitise o informe de valoración correspondente.

O indicado Técnico o día 6 de novembro emite o informe de valoración solicitado que presenta nese intre á Mesa e fai unha exposición de motivos relativos á puntuación outorgada a cada licitador.

A Mesa está conforme coas valoracións efectuadas polo Técnico de Deportes e como consecuencia acorda por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións:

**MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L.**

CONCEPTO	
- Calidade e prestacións técnicas dos elementos ofertados en referencia á descrición das súas características materiais e funcionais, ata un máximo de 20 puntos.	18
- Características técnicas dos elementos ofertados, para conseguir un equipamento integral do ximnasio que posibilite un maior rendemento para os usuarios, ata un máximo de 10 puntos	8
<b>TOTAL PUNTOS</b>	<b>26</b>

**BODYTONE S.L.**

CONCEPTO	
- Calidade e prestacións técnicas dos elementos ofertados en referencia á descrición das súas características materiais e funcionais, ata un máximo de 20 puntos.	17
- Características técnicas dos elementos ofertados, para conseguir un equipamento integral do ximnasio que posibilite un maior rendemento para os usuarios, ata un máximo de 10 puntos	8

TOTAL PUNTOS	<b>25</b>
--------------	-----------

### **GRUPO CONTACT FITNESS S.L.**

CONCEPTO	
- Calidade e prestacións técnicas dos elementos ofertados en referencia á descrición das súas características materiais e funcionais, ata un máximo de 20 puntos.	16
- Características técnicas dos elementos ofertados, para conseguir un equipamento integral do ximnasio que posibilite un maior rendemento para os usuarios, ata un máximo de 10 puntos	6
TOTAL PUNTOS	<b>22</b>

### **MANTÉN S.L.**

CONCEPTO	
- Calidade e prestacións técnicas dos elementos ofertados en referencia á descrición das súas características materiais e funcionais, ata un máximo de 20 puntos.	17
- Características técnicas dos elementos ofertados, para conseguir un equipamento integral do ximnasio que posibilite un maior rendemento para os usuarios, ata un máximo de 10 puntos	7
TOTAL PUNTOS	<b>24</b>

A continuación e de conformidade co estipulado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, procédese, xa en acto público, a dar a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor e seguidamente continuarase coa apertura dos sobres B (oferta).

Asiste a este acto D. Alejandro Soltero Fernández con DNI nº 54507052L en representación da empresa MANTEN S.L..

Unha vez dada a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor procédese, polo Presidente da Mesa, á apertura dos sobres B, obténdose o seguinte resultado:

### **MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL S.L.:**

Oferta económica:	95.775,74 euros (IVE incluído)	
Ampliación do prazo de garantía (a maiores do establecido nos pregos)	24 meses	
Redución do prazo de entrega (fixado en 42 días)	non	
Servizo post-venda	Si	
TOTAL		

**BODYTONE S.L.**

Oferta económica:	89.450,91 euros (IVE incluído)	
Ampliación do prazo de garantía (a maiores do establecido nos pregos)	12 meses	
Redución do prazo de entrega (fixado en 42 días)	8 días	
Servizo post-venda	Si	
TOTAL		

**GRUPO CONTACT FITNESS S.L.**

Oferta económica:	80.076,59 euros (IVE incluído)	
Ampliación do prazo de garantía (a maiores do establecido nos pregos)	72 meses	
Redución do prazo de entrega (fixado en 42 días)	28 días	
Servizo post-venda	Si	
TOTAL		

**MANTÉN S.L.**

Oferta económica:	81.977,50 euros (IVE incluído)	
Ampliación do prazo de garantía (a maiores do establecido nos pregos)	50 meses	
Redución do prazo de entrega (fixado en 42 días)	35 días	
Servizo post-venda	Si	
TOTAL		

A Mesa considerando desproporcionada a oferta presentada pola empresa MANTÉN S.L., no referente á redución do prazo de entrega con respecto á media das demais ofertas admitidas, acorda por unanimidade notificar esta circunstancia ao licitador concedéndolle un prazo de cinco días naturais para que xustifique de forma motivada dita oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro do tempo.

Unha vez presentada dita xustificación e informada polo Técnico de Deportes, a Mesa volverase a reunir, en acto non público, e en función de se dita xustificación se considera suficiente, o órgano de contratación determinará a súa admisión para continuar no procedemento de licitación.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as trece horas e cincuenta minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)